

Amigas e amigos.

Que millor maneira de apresentar esta edición facsímil da revista *Vieiros* que falar do tempo no que ela nasceu e se desenvolveu, que millor maneira de apresentar *Vieiros* que debater publicamente as intencións dos seus contidos, é dicer, debater o espazo que ocupou e esta a ocupar o xornalismo cultural ou a expresión de varios dos xeitos da nosa cultura nun soporte de difusión periódica como unha revista ou un dominical ou os especiais dos diarios e semanarios e, en definitiva, e para refrendar o que en palabras de Luís Soto Fernández era expresar calquer idea literaria artística e filosófica sempre que fose antifascista e non se apoiese na ditadura.

Pola nosa parte Edicions A Nosa Terra quer adicar este acto ao grande profesional que foi Francisco Pillado, a súa laboura honesta e progresista nun tempo en que tan difícil era falar nun tempo no que até pensar era delito. Tiven a imensa sorte de coñecelo e de compartir con el conversas e gostos por escritores e escritoras, e qué menos que este humilde homenaxe de adicarlle o acto de hoxe como mostra de afecto e recoñecimento.

El ben sabía do tema que hoxe nos ocupa, e na súa vida tivo que sufrir tantas das conductas reaccionarias que naquel tempo eran norma e que ás veces hoxe non son tan extrañas.

E para falar nesta mesa redonda da prensa galega na posguerra temos con nós a Francisco Carballo, historiador, autor de diversos traballos sobre a historia contemporánea de Galicia e presidente de Promocións Culturais Galegas, empresa editora do semanario *A Nosa Terra*.

Antón Luaces, xornalista, director de Radio Nacional na actualidade. Ten traballado no *El Correo Gallego*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia* e *Radio Cadena Española*.

Antonio Rodríguez López, poeta e xornalista, xefe de sección das páxinas de cultura de *El Correo Gallego*.